



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN  
GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA LEVAR A CABO AS ACTIVIDADES DE MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E  
FUNCIONAMENTO DO COMPLEXO NÁUTICO E CAMPO DE REGATAS DAVID CAL EN VERDUCIDO,  
PONTILLÓN DO CASTRO - PONTEVEDRA**

En Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

**R E U N I D O S**

Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

José Alfredo Bea García, presidente da Federación Galega de Piragüismo, no seu nome e representación, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos federativos.

**E X P O Ñ E N**

I. Conforme ao establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do governo galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 88/2013, de 30 de maio.

No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de construcción do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra, co obxectivo de destinarse á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade do piragüismo.

II. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).

IV. O Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acertados programas técnico-deportivos que abarquen desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social.

A esta prioridade cara a mellora da tecnicificación e rendemento no piragüismo de Galicia, úñese a necesidade de optimizar o centro cara á consecución de melloras similares en todas aquellas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas características específicas e posibilidades que ofrecen.

V. Neste marco das funcións federativas e da competencia de promoción da actividade deportiva encomendada á Secretaría Xeral para o Deporte, esta ditou a Resolución do 6 de setembro de 2010, pola que se concedía un permiso de ocupación temporal do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra a favor da Federación Galega de Piragüismo, coa finalidade de que a Federación de Piragüismo desenvolva os programas de iniciación, tecnicificación, rendemento e de alto nivel dos deportistas galegos desa modalidade deportiva co obxectivo de proxectalos á élite mundial.

VI. Para tal efecto, as partes subsciben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes





## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo, para a articulación da concesión directa dunha subvención á citada federación para a realización das actividades de mantemento e conservación do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións, pola cesión de uso outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á citada federación.

### Segunda.- Régime xurídico e titularidade das competencias

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### Terceira.- Medios humanos e materiais

A Federación Galega de Piragüismo queda obrigada a facilitar os medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto deste convenio. Consecuentemente, o persoal da federación que realice as actividades derivadas deste convenio non terá relación de carácter laboral ou administrativo coa Secretaría Xeral para o deporte.

Neste sentido, a Federación Galega de Piragüismo, exercerá respecto ao persoal ao seu cargo, os poderes de dirección e control. Do mesmo xeito, a citada entidade queda obrigada a cumplir, baixo a súa responsabilidade, todas as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

### Cuarta.- Seguros

A Federación Galega de Piragüismo deberá subscribir unha póliza de seguro que cubra os danos que poida sufrir a instalación e o material de que dispóna, así como unha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos producidos polo desenvolvemento da actividade.

### Quinta.- Sustentabilidade

A Federación Galega de Piragüismo velará por que a instalación sexa sostible desde os seguintes puntos de vista:

- Económico: mantendo as esixencias e necesidades do colectivo de usuarios cunha redución no consumo dos recursos.
- Social: fomentando unha concienciación social no uso e respecto dos recursos e materiais da instalación.
- Medioambiental: utilizando, na medida do posible, sistemas capaces de cubrir as necesidades coa menor agresividade ao medio ambiente.

### Sexta.- Comisión Técnica

Establécese unha Comisión Técnica, que estará composta por dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte e dous representantes da Federación Galega de Piragüismo, que se reunirá tantas veces sexa necesario, para deliberar e acordar a coordinación das actuacións relacionadas coa finalidade perseguida coa firma do presente convenio.

As discrepancias que, elevadas para a súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que as formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se



poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da subvención deberán ser resoltas pola Secretaría Xeral para o Deporte como máximo responsable do órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, e modificado posteriormente polo Decreto 176/2016, do 15 de decembro.

#### Sétima.- Financiamento e importe da axuda.

Para cumplir o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle á Federación Galega de Piragüismo unha subvención de 105.000,00 €, imputables á aplicación orzamentaria e á anualidade que deseguidamente se identifican:

04.40.441A.481.0.  
Anualidade 2017: 105.000,00 €

#### Oitava- Concorrencia con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a federación para a realización das actuacións obxecto do convenio, sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola federación con motivo das actuacións obxecto da subvención.

#### Novena.- Obrigas da federación.

9.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e outros que lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas neste convenio, son obrigas da federación o cumprimento dos seus termos así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e nos artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

9.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da seguinte documentación :

- a) Anexo I.- Documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido entre outros o seguinte:
- Declaración responsable doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais.
  - Declaración responsable de non atoparse incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
  - Declaración responsable de non atoparse incursa en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.
  - Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - Declaración de estar cumplindo coa Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
  - Certificación de estar cumplindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.



- Declaración de que todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistrio Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
  - Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade
  - Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.
- b) Anexo II.- Relación inventariada do material da instalación, indicando o seu estado de conservación.
- c) Anexo III.- Relación de documentos e declaracíons para o cobro do 2º anticipo.
- d) Anexo IV.- Relación clasificada dos gastos e investimentos realizados.
- e) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación.
- f) Anexo V.- Relación de documentos e declaracíons para a xustificación do segundo pago.
- g) Anexo VI.- Certificación de estar cumprido, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo anexo VI, reflectido neste convenio.
- h) Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- i) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.
- j) Un plan director da Instalación onde se contemplen polo menos os seguintes contidos:
  - Personal contratado, horario e funcións que debe desempeñar.
  - Características funcionais da instalación: Espazos, usos e normativas.
  - Inventario de material.
  - Regulamento de réxime interno.
  - Usuarios: colectivos de usuarios, rexistro e estatísticas.
  - Programación anual.
  - Orzamento anual (actividade de mantemento, conservación e funcionamento do complexo).
- 9.3. Con carácter posterior á firma do convenio, a federación estará suxeita ás seguintes obrigas de carácter xeral e específico:
- 9.3.1. Obrigas de carácter xeral
- a) Executar o obxecto do presente convenio.
- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, a federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia e, se fose o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de



Contas, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

- c) Subministrar á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo governo, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada Lei.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, para o efecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o art. 55 da Lei 3/2012 do 2 de abril.
- f) Presentar, antes do 30 de xullo do 2017, no Rrexistro de Entidades Deportivas, as contas anuais da federación formadas polo balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica así como a memoria descriptiva das actividades realizadas no exercicio económico 2016 (artigo 37 do Decreto 85/2014 polo que se aproba o Regulamento do Rrexistro de Entidades Deportivas).
- g) Asegurar a presenza da Secretaría Xeral para o Deporte en termos publicitarios. Incluir a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realice a federación, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluído internet, para a difusión da súa actividade, así como nos eventos levados na instalación deportiva obxecto deste convenio, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte.

#### 9.3.2. Obrigas de carácter específico

- a) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumplir o establecido na Lei 19/2007 do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.
- b) Colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril.
- c) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar.
- d) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- e) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- f) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar.
- g) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacóns.
- h) A utilización pola Federación Deportiva Galega de Piragüismo do Complexo Náutico e Campo de Regatas para o cumprimento do obxecto deste convenio non impedirá o uso das instalacións que poida autorizar a Secretaría Xeral para o Deporte a entidades ou clubs deportivos.

#### Décima.- Pagamento.

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento realizarase da seguinte forma:

- a) Un primeiro pago, dun cincuenta por cento (50%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio.



- b) Un segundo pago, equivalente ao cincuenta por cento (50%) restante, librarse unha vez xustificado o primeiro anticipo, que se deberá realizar con data límite 30 de xullo de 2017. O segundo pago xustificarse con data máxima o 30 de xaneiro de 2018.

#### Décimo primeira.- Xustificación da subvención.

##### 11.1. Lugar de presentación

A presentación será obligatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, con código PR004A, disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte. Este formulario estará disponible para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacions que non contan cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dirixidos a calquera órgano, servizo ou unidade da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Se algunha das persoas interesadas entrega a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que realice a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a súa presentación electrónica.

Para a presentación das contas auditadas poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

##### 11.2. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación do 1º e 2º pagamentos nos prazos fixados na cláusula anterior, e dicir, a xustificación do primeiro pago antes do 30 de xullo de 2017 e a do segundo antes do 30 de xaneiro de 2018.

Transcorridos estes prazos sen presentar a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días presente a referida documentación. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño.

##### 11.3. Documentación que se debe entregar.

###### 11.3.1. Na xustificación do primeiro pagamento a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo III.- Relación de documentos e declaracions para o cobro do 2º anticipo.
- b) Anexo IV.- Relación clasificada dos gastos e investimentos realizados.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para a súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados.
- d) Anexo II.- Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando o seu uso e estado de conservación.
- e) Anexo VI.- Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo anexo VI, reflectido neste convenio.
- f) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación.
- g) Acreditación do cumplimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.



11.3.2. Na xustificación do segundo pagamento, con anterioridade ao 30 de xaneiro a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo V.- Relación de documentos e declaracóns para a xustificación do segundo pago.
- b) Anexo IV.- Relación clasificada dos gastos e investimentos realizados.
- c) Anexo VI.- Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo anexo VI, reflectido neste convenio.
- d) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para a súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados.
- e) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación.
- f) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.

11.4. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibos do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibo queda limitada, en todo caso, aos ámbitos das axudas de custo e quilometraxes.

11.5. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 €, deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse e estar datados con data anterior á contratación levada a cabo pola federación.

11.6. Os gastos consistentes en custos laborais, empregados na xustificación desta subvención quedan suxeitos ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores da federación e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), así como as cotizacións sociais correspondentes á federación.
- b) A xustificación dos custos laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da federación, co visto e prace do presidente, na que se estableza que os traballadores cujos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio.
- c) Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respectivas que se garanta a igualdade salarial entre homes e mulleres.

11.7. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2017, ambas incluídas. No referente aos custos laborais, poderase contemplar a documentación xustificativa de pagamentos realizados no mes de xaneiro de 2018, pero soamente cando este gasto corresponda a obrigas de custo do ano 2017.

11.8. Comprobación de datos



Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- DNI o NIE da persoa representante
- NIF da entidade.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
- Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Excepcionalmente, no caso de que algúna circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitarles ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Décimo segundo.- Gastos subvencionables.

Serán subvencionables os gastos efectuados entre 1 xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017 destinados ao pago dos gastos nos que incorra a federación derivados das actividades realizadas para o funcionamento, mantemento e conservación das instalacións (incluíndo gastos de persoal) do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra.

#### Décimo terceira.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O acordo entre as partes.

#### Décimo cuarta- Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial ao beneficiario das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da citada lei.

#### Décimo quinta.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dárselle publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/ 2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

#### Décimo sexta.- Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento, e publicación nos casos en que así o prevé a norma reguladora, autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións informativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente



procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral para o Deporte. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanxe exercer ante Secretaría Xeral para o Deporte, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Subdirección xeral de Plans e Programas, EGAP, Rúa Madrid 2-4, 2º andar, 15781, Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a [programas.deportes@xunta.gal](mailto:programas.deportes@xunta.gal)

#### Décimo séptima.- Notificacións

19.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

19.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas os avisos da posta a disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

19.3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

19.4. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos demais medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Décimo oitava.- Trámites administrativos

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a esta disposición, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para todas as persoas interesadas.

#### Décimo novena.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable

Este convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa. Ao presente convenio seralle de aplicación a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Ademais seralle de aplicación a súa normativa específica constituída basicamente pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

En proba de conformidade asínase este convenio no lugar e data arriba indicados.

A secretaria xeral para o Deporte

O presidente da Federación Galega de Piragüismo



Marta Míguez Telle





## ANEXO I

PROCEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA LEVAR A CABO AS ACTIVIDADES DE MANTENIMIENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMPLEXO NÁUTICO E CAMPO DE REGATAS DAVID CAL EN VERDUCIDO, PONTILLÓN DO CASTRO - PONTEVEDRA.	PR004A	SOLICITUDE

### DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO	NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	PISO	PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO				

### E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

### DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:

- Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.

Só poderán acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.  
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico ou teléfono móvil facilitados a continuación:  
TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

### DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

ANEXO I



(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.  
 SI solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos, que son as que a continuación se relacionan:  
ORGANISMO

IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se axuntan son certos.  
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
5. Estar ao día no pago das obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.  
6. Estar cumprindo coa Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.  
7. Estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.  
8. Todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).  
9. A adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría xeral para o Deporte e a Secretaría xeral de Igualdade.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada.

- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social
- Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, se lle informa de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia ao obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [programas.deportes@xunta.gal](mailto:programas.deportes@xunta.gal).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Secretaría Xeral para o Deporte



ANEXO II

## **RELACIÓN INVENTARIADA DO MATERIAL DA INSTALACIÓN**

## DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E. NA SÚA REPRESENTACIÓN

**NOME**

## PRIMEIRO APELIDO

## SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDAD DE

## CERTIFICA

A seguinte relación inventariada do material deportivo da Federación:

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

**Lugar e data**

galicia

ANEXO III

RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIONES PARA O COBRO DO 2º ANTICIPO

## DATOS DA ENTIDADE

## RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

**NOME** **PRIMEIRO APELIDO** **SEGUNDO APELIDO** **NIF**

EN CALIDADE DE

## A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA

O cobro do 2º anticipo por importe de 52.500 €, equivalente ao 50 % restante do total do Convenio.

**A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de **105.000 €**
  2. Que no momento da sinatura do Convenio recibiu como 1º anticipo a cantidad de **52.500 €**, equivalente ao 50 % do importe total.
  3. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
    - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou **conceptos**.
    - Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou **conceptos**, que son as que a continuación se relacionan:

## ORGANISMO

IMPORTE

4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
  5. Que a entidade non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
  6. Que a entidade non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  7. Que a entidade está ao día no pago de deberes por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  8. Todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistrio Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

## **DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Relación clasificada de gastos por importe de \_\_\_\_\_ € (anexo IV)
  - Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
  - Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados.
  - Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.
  - Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando uso, estado de conservación e localización do mesmo (anexo II).
  - Plan Director da Instalación

## SINATURA DA PERSONA REPRESENTANTE

### Lugar e data

, de

## **Secretaría Xeral para o Deporte**



ANEXO IV

## **RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS E INVESTIMENTOS REALIZADOS**

NOTA: Empregaranse tantas follas como sexa necesario, mantendo a correlación no número de xustificantes.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

### Lugar e data

de de



## ANEXO V

### RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN DO SEGUNDO PAGO

#### DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

PRIMERO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NAME		

EN CALIDADE DE

#### A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de \_\_\_\_\_ €
- Que no momento da sinatura do Convenio recibiu como 1º anticipo a contía de \_\_\_\_\_ €, equivalente ao \_\_\_\_ % do importe total.
- Que xustificado en tempo e forma o 1º anticipo recibiu o 2º anticipo por importe de \_\_\_\_\_ €, equivalente ao \_\_\_\_ % restante do total do Convenio
- Que todos os datos contidos neste e nos demais documentos que se achegan son certos.

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Relación clasificada de gastos por programas por importe de \_\_\_\_\_ € (anexo IV)
- Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados relacionándooas coas actividades deportivas realizadas.
- Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

#### SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar y data

, de de

Secretaría Xeral para o Deporte



## ANEXO VI

### CERTIFICACIÓN

#### Secretario da Federación Galega de Piragüismo

#### CERTIFICA:

Que na páxina web da Federación Galega de Piragüismo existe un apartado denominado "Transparencia" onde consta, polo menos, a seguinte información:

##### 1. Información institucional, organizativa e de planificación

- a. Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (art. 51.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no art. 56 da Lei do Deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos Estatutos federalivos.

b. Normativa aplicable:

- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substítúa.
- Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substítúa.
- Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substítúa.
- Resolución do 8 de setembro de 2009, da secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo governo das federacións deportivas de Galicia, ou norma que a substítúa.
- Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos, etc.)

c. Estrutura organizativa: Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (curriculum)

##### 2. Información económica, orzamentaria e estatística

- a. Relación de contratos subscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adxudicación; procedemento de celebración; no seu caso, instrumentos a través dos cales se publicou; numero de licitadores no procedemento; identidade do adxudicatario; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de deseixamento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación. Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes foran inferiores a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumplimentarse trimestralmente.

b. Relación de convenios subscritos cunha Administración Pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obligas económicas convidas.

Neste apartado informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma.

c. Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.

d. Orzamentos federativos, con descripción das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.

e. Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.

f. Retribucións anuais (soldos e dietas) dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoureiro/a, Director/a Técnico/a e demais membros dos órganos da Federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

E para que conste, expido o presente certificado,

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2017

O Secretario

Visto bo do Presidente